



Memoria de actividades
GALPon (Grupo de Amigos de Linux de
Pontevedra)
Año 2004

Charla informativa

“Introdución a GNU Privacy Guard”

Ponente: Mario Teijeiro

Data: 27 de Febreiro de 2004

Lugar: Salón de Actos da E.T.S.I. Telecomunicacións da Universidade de Vigo

Duración: 2 horas

Dossier de prensa:

- DUVI, 28/02/2004

Descrición:

Esta charla abordou o tema da seguridade no correo electrónico así como outro tipo de datos susceptibles de ser cifrados empregando para isto GNU Privacy Guard. Ademais levouse a cabo unha recollida de sinaturas, habitual neste tipo de eventos.

Os obxectivos desta charla son dar a coñecer aos asistentes o GNUPG, promover o uso de ferramentas de cifrado libre e abarcar o problema da privacidade nas comunicacións en rede.

Os problemas do correo electrónico na actualidade non garanten a identidade real de quen envía a mensaxe, quen a puido ler, dende onde foi enviada e se está ou non modificada. Estes tres inconvintes básicos relacionados coa autentificación, a identificación e a integridade dos correos, tería unha sinxela solución gracias a GNUPG.

Tendo en conta que o correo electrónico é un medio que utiliza moitísima xente hoxe en día, a conferencia está enfocada ó público en xeral.

Inscripción:

- Gratuita e entrada libre

Obradoiro “Install Party de GNU/Linux”

Colaboradores:

- Jose Antonio Insua
- Sergio Costas
- Mario Teijeiro
- Carlos Rodríguez

Data: 5 e 6 de Maio de 2004

Lugar: Aulario do Edificio Miralles – Cidade Universitaria de Vigo

Duración: 4 horas / día

Dossier de prensa:

- Noticia no DUVI 06/05/2004

Publicidade:

- Trípticos
- Cartéis

Descrición:

Realizouse unha charla introductoria ao Software Libre (GNU/Linux) e a continuación procedeuse a unha demostración in situ da instalación de Software Libre nun PC, nun portátil e nun PDA. A idea foi amosar ao público o fácil que é instalar unha distribución de GNU/Linux en diferentes plataformas informáticas.

O interesante da Install Party foi que a instalación do software fíxose no propio ordenador daquelas persoas que o trouxeron co que se poden resolver todas as dúbidas que teñan os asistentes.

Esta “Install Party” está enfocada a calquera persoa interesada no software libre e con poucos coñecementos de informática.

Entregáronse copias de distribucións libres para aquelas persoas que non tiñan acceso a Internet nas súas casas.

Inscrición:

- 10 euros para os non socios de GALPon
- Gratis para os socios de GALPon

Creación da “Mesa Galega Contra as Patentes de Software”

Colaboradores:

- Sergio Costas
- Mario Teijeiro
- Carlos Rodríguez

Data: 14 de Maio de 2004

Lugar: Santiago de Compostela

Duración: 2 horas

Dossier de prensa:

- Código Cero 14/05/2004
-

Campaña de GALPon contra a patentabilidade do software

Colaboradores:

- Sergio Costas
- Carlos Rodríguez

Dossier de prensa:

- Noticia no DUVI 08/06/2004
-

Entrevista para CaixaGalicia

Colaborador:

- Carlos Rodríguez

Dossier de prensa:

- Noticia na web de NetClub (CaixaGalicia) en Xullo de 2004
-

Artigo de opinión nos medios sobre o sistema GNU/Linux e a problemática das patentes de software

“Linux e tí”

Colaborador:

- Carlos Rodríguez

Dossier de prensa:

- DUVI 10/07/2004
- Atlántico Diario 14/10/2004

Netgame – Caixanova

“Ciclo de conferencias sobre Software Libre”

Ponentes:

- | | |
|--------------------------|-------------------------------------|
| • Mario Teijeiro | GALPon |
| • Sergio Costas | GALPon |
| • Roxana Falasco | GALPon |
| • Pedro Orgeira | GALPon |
| • Roberto Brenlla | AGNIX |
| • Jose Antonio Salgueiro | AGNIX e GALPon |
| • Rubén Fernández | GULO |
| • Juan Antonio Añel | GULO |
| • Santiago Rodríguez | GULO |
| • Santiago Vázquez | GULO |
| • David Fernández | GPUL |
| • Ana Sáiz García | GPUL |
| • Marta Capdevila Dalmau | Proxecto JOIN (invitada por GALPon) |

Data: 13 – 18 de Xullo de 2004

Lugar: Recinto Feiral de Cotogrande - IFEVI

Dossier de prensa:

- Faro de Vigo, 16/07/2004

Descrición:

GALPon organizou o ciclo de conferencias sobre o Software Libre na Netgame-Caixanova 2004. Como contraprestación, os socios de asociacións que tiveran entre os seus fins o de difundir a utilización do Software Libre de toda España poderían disfrutar da comida gratis todos os días que estiveran na “Party”. Case vinte usuarios puideron disfrutar destes privilexios. Ademais os conferenciantes e os seus acompañantes entraron tamén gratis o que significou que casi 40 persoas accedieron as conferencias invitadas pola organización.

Inscripción:

50 euros non socios de GALPon

50 euros socios de GALPon e comida gratis todos os días da “Party”

“Promoción GALPon.org – VigoWireless.net”

Dossier de prensa:

- Faro de Vigo, 25/07/2004
- Faro de Vigo, 17/08/2004

Descripción:

Artigos de prensa:

- “Internautas proponen al Concello unir la Ría con una red inalámbrica”
- “El wireless, a marchas forzadas”

Ciclo de Conferencias

“Universidade 2004 GNU/Linux”

Ponentes:

- Juan Antonio Añel – GULO
- Roberto Brenlla – AGNIX

Data: 22 de Setembro de 2004

Lugar: Aulario do Edificio Miralles da Cidade Universitaria de Vigo

Dossier de prensa:

- DUVI, 22/09/2004

Publicidade:

- Cartéis
- Trípticos

Descrición:

“GNU/Linux e Software Libre en ámbitos científicos” - Juan Antonio Añel

“Repercusións socioeconómicas do software libre” - Roberto Brenlla

Inscripción:

Gratuita e entrada libre.

Ciclo de Conferencias

“¿Software Libre contra a Propiedade Intelectual?”

Ponentes:

- Miguel Ángel Bouza – profesor titular de Dereito Mercantil na Universidade de Vigo
- Sergio Costas – Enxeñeiro de Telecomunicacións e socio de GALPon

Data: 23 de Setembro de 2004

Lugar: Aulario do Edificio Miralles da Cidade Universitaria de Vigo

Dossier de prensa:

- DUVI, 22/09/2004

Publicidade:

- Cartéis
- Trípticos

Descrición:

“A lei de protección de datos e o Software Libre” - Miguel Ángel Bouza

“Licencia GPL e a propiedade intelectual do autor” - Sergio Costas

Inscripción:

Gratuita e entrada libre.

“I Xornadas de Software Libre na Educación en Galicia”

Ponentes:

- Manuel Morán Enx. Telecomunicacións, prof. de I.E.S. e socio de GALPon
- Roberto Brenlla Economista e Presidente de AGNIX
- Juan Antonio Añel Físico e socio de GULO
- David López Físico e socio de GLUG
- Jose Antonio Salgueiro Físico e socios de GALPon e AGNIX
- Santiago Vázquez Estud. Enx. Informática e socio de GULO
- José de la Cruz Pérez Ldo. Belas Artes e socio de AGNIX
- Denis Fernández Estud. Físicas e vicepresidente de GLUG
- Pedro Reina Matemático, asesor TIC na C. de Madrid e prof. Instituto
- Marta Capdevila Enxeñeira de Telecomunicacións (invitada por GALPon)
- Jesús Arribi Enx. Informático no CESGA, socio de AGNIX
- Enrique Ocaña Enx. Informático e socio de GPUL

Data: 22 – 23 de Outubro de 2004

Lugar: Santiago de Compostela – Escola Técnica Superior de Enxeñería

Descrición:

Estas Xornadas pretenden introducir ao Profesorado de Ensino Secundario á alternativa do Software Libre como instrumento de transmisión de coñecemento e medio de traballo cotiá, máxime cando precisamente é a “libre” transmisión do coñecemento a razón de ser deste Software e todo o seu campo de influencia: documentación, investigación, tecnoloxía, arte, ...

Inscripción:

Gratuita e entrada por orde de inscrición.

“LinuxParty 2004 por GALPon.org”

Data: 26 a 28 de Outubro de 2004

Lugar: Teatro da Área Comercial da Cidade Universitaria de Vigo

Dossier de prensa:

- Atlántico Diario, 21/10/2004
- Atlántico Diario – Universitas, 21/10/2004
- DUVI, 21/10/2004
- El Correo Gallego, 21/10/2004
- La Voz de Galicia, 21/10/2004
- El Correo Gallego, 22/10/2004
- El Correo Gallego, 26/10/2004
- Faro de Vigo, 26/10/2004
- Atlántico Diario, 27/10/2004
- Diario de Pontevedra, 27/10/2004
- DUVI, 27/10/2004
- El Correo Gallego – Maré Hoxe, 27/10/2004
- Faro de Vigo, 27/10/2004
- La Voz de Galicia, 27/10/2004
- La Voz de Galicia - Online, 27/10/2004
- La Voz de Galicia - Portada, 27/10/2004
- Atlántico Diario - Universitas, 28/10/2004
- Atlántico Diario, 28/10/2004
- Faro de Vigo, 28/10/2004

Publicidade:

- Cartéis
- Octavillas
- Entrevistas na radio e televisión

Descrición:

Promocionar o Software Libre, e máis en concreto a GNU/Linux, na Universidade de Vigo e na sociedade en xeral.

Dar asesoramento técnico aos usuarios que queren adentrarse neste mundo, e aproveitar o

ancho de banda para que se poidan descargar as actualizaciónes ou instalar GNU/Linux nos seus equipos.

Non foi una “party” para descargar audio, video ou aplicacións non libres.

Incentiváronse actividades como concursos de programación, deseño gráfico, bash-scripting, "Toma de la Bastilla" (hacking) sendo gañador o grupo de Inestable (Ordes – Coruña), Real Time Battle, etc.,

Inscripción:

- 12 euros para non socios de GALPon
- 6 euros para socios de GALPon

“Conferencias en Universitúa 2004”

Ponentes:

- Jose Antonio Salgueiro AGNIX e GALPon
- Julio Herrero GALPon
- Mario Teijeiro GALPon
- Bruno Seoane GALPon
- Pedro Orgeira Administrador sistemas e desarrollador, socio
GALPon
- David Fernández (invitado por GALPon)
- Omar Rodríguez (GALPon)

Data: 27 a 28 de Outubro de 2004

Lugar: Aulario do Edificio Miralles da Universidade de Vigo

Descrición:

Como cada ano as asociacións universitarias, entre as que se atopa GALPon, reunímonos nun evento que nos serve de escaparate para amosar todas as nosas actividades á comunidade universitaria e á sociedade en xeral.

"Presentación de GNIX - Live CD en galego. Adaptacións dun CD-Live" - José Antonio Salgueiro

"Proxecto escomposlinux. Servicios distribuidos usando ADSL" - Julio Herrero

"Novedades de kde3.3" - Mario Teijeiro e Bruno Seoane

"Linux en entornos corporativos" - Pedro Orgeira

"Programación en Gambas" - David Fernández

Inscripción:

Gratuita e entrada libre

“Taller de Antenas WiFi en colaboración con VigoWireless.net”

Ponentes:

- Estela Mary Arbolella Enx. en computación, UYLUG

Colaboradores:

- Carlos Barros UYLUG
- José Antonio Insua GALPon
- Damián Rivera (invitado por GALPon)
- Carlos Rodríguez GALPon

Data: 14 de Decembro de 2004

Lugar: Aulario do Edificio Miralles da Cidade Universitaria de Vigo

Dossier de prensa:

- DUVI, 11/12/2004
- DUVI, 15/12/2004

Descrición:

¿Alguna vez te preguntaste cómo se propagan las ondas en el espacio? o ¿cómo es que llegamos a establecer un radioenlace? nosotros sí lo hicimos y ahora nos gustaría compartir con otras personas las experiencias que juntamos a lo largo del tiempo.

Te invitamos a participar en éste espacio que estará dedicado a la comunidad en general, donde intentaremos dar la mayor cantidad de ideas sobre qué son las ondas en general, cómo nos rodean a diario y cómo las utilizamos casi sin darnos cuenta ya que están tan ligadas a la vida moderna que ninguna persona se detiene a pensar en ellas.

Luego nos adentraremos en el campo de las microondas, veremos cómo sacar mejor partido de ellas, qué es lo que las afecta, cuáles son las dificultades y daños que pueden causar.

También nos ocuparemos de otros detalles más técnicos, pero no tan rigurosos como para que te duela la cabeza.

Aquí llegamos al corte en el programa, ...nos tomamos un café.

En la segunda parte armamos una antena direccional de 2.4 Ghz y la probamos haciendo un enlace 'in situ'.

Una aclaración que resulta importante es que no es necesario tener conocimientos previos ni ser un master de las comunicaciones para acercarte a compartir esta experiencia. El único requisito es tener interés.

Esta actividad está patrocinada por Grupo de Amigos Linux de Pontevedra - GALPon

Inscripción:

- Todo el material para la construcción de la antena de 2.4 GHz cuesta 15 euros
- Se asiste solamente a la parte teórica que cuesta 5 euros